

ADDENDA NÚM. 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) PARA A AXUDA PARA A CONSTRUCIÓN DE TRES NOVAS PLANTAS DE BIORRESIDUOS. OPERACIÓN SUSCEPTIBLE DE FINANCIAMENTO AO 100% NO MARCO DO EIXO REACT-UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO RESPUESTA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA DA COVID-19

REUNIDOS

Dunha parte Dona Ángeles Vázquez Mejuto na súa calidade de Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, (DOG núm.181 do 7 de setembro de 2020) polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e Consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (en diante SOGAMA), representada por Don Javier Domínguez Lino, en calidade de Presidente da mesma, en virtude do acordo do Consello de Administración da Sociedade, con data 11 de febreiro de 2015, que intervén exercendo as facultades atribuídas mediante a delegación de poder do propio Consello de Administración outorgado na mesma data do seu nomeamento como Presidente da Sociedade á que representa.

Ambas as dúas partes se recoñecen mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento desta addenda e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- Con data 27 de xullo de 2021 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) un convenio de colaboración para a axuda para a construción de tres novas plantas de biorresiduos. Operación susceptible de financiamento ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia do Covid-19.

No convenio establecense as condicións da axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a SOGAMA para as actuacións no tratamento da fracción orgánica dos residuos urbanos (FORSU) financiando, entre outras, a construción dunha instalación en Vilanova de Arousa (Pontevedra) destinada ao tratamento elaboración dun compost a partir da recollida selectiva dos residuos FORSU no concello.

II.- No Anexo 1 do referido convenio: Construcción de plantas de tratamiento de biorresiduos, no concepto de importe, que contempla o importe total do investimento de SOGAMA, figura a cantidad de 28.056.760,00 euros (páxina 20 do Convenio), no apartado 1.1. Orzamento da planta de Vilanova de Arousa e Apartado A.1 no punto 4. Contrato para a construcción, (páxinas 20 e 21 do Convenio) inclúese un orzamento detallado da execución da Planta de tratamiento de biorresiduos de Vilanova de Arousa que ascende a un total de 15.664.404,79€ sen IVE, contemplando como actuacións de financiamento o estudo preliminar, proxecto básico e proxecto para a obtención da AAI, compra de terreo, contrato para a construcción da planta, dirección de obra, coordinador de seguridade e saúde e taxas e licencias municipais. Sendo a partida de construcción da planta do importe de 13.302.901,06€ sen IVE.

Así mesmo, no referido Anexo 1. Apartado 1.2 Orzamento e importe a subvencionar con fondos REACT-UE, figura un investimento por parte de SOGAMA para o total da planta de 15.664.404,79€ sen IVE e un importe da subvención por parte da Xunta de Galicia finanziada con fondos REACT-UE de 13.914.139,00€ sen IVE, asumindo SOGAMA a diferenza entre ambos importes, de 1.750.265,79€ sen IVE, con fondos propios procedentes de ingresos comerciais.

III.- Por outra banda, estase a tramitar a autorización no Consello da Xunta para o expediente de contratación da obra de ejecución da planta de compostaxe de Vilanova con un orzamento máximo de licitación da obra por importe de 13.975.098,15 € sen IVE, polo que na licitación da planta contémplase unha contía de 672.197,09€ sen IVE superior á prevista no convenio, que debe terse en consideración para adaptar estas cantidades no convenio asinado.

IV.- Os motivos deste incremento encóntranse na maior definición do orzamento do proxecto básico respecto ó estudo preliminar, no cal aínda non se coñecía nin a ubicación exacta da planta nin os condicionantes do terreo que implica unha maior definición das correspondentes partidas de obra civil, de equipos definitivos e a distribución da planta. Previamente á redacción do Proxecto Básico para a construción da Planta de Compostaxe de Vilanova elabórase un estudo previo que serve de base para a elaboración do orzamento detallado que figura no convenio para o financiamento da mesma. Unha vez redactado o proxecto básico pola enxeñaría G.O.C, S.A, no que se tiveron en conta as parcelas nas que se executará a instalación e os condicionantes xeotécnicos do terreo, prodúcese un incremento do orzamento de execución respecto ao reflectido no referido convenio polos motivos expostos anteriormente.

V.- A comisión de seguimento do convenio, segundo consta na acta da súa reunión do 24 de agosto de 2021, formula unha proposta de modificación co fin de adecuar a actuación e o importe do contrato de construcción da planta de Vilanova de Arousa, modificando o Anexo 1 e a cláusula terceira do mesmo.

Por todo isto, procede modificar o acordo vixente para adaptar as obrigas nel establecidas á nova realidade.

En consecuencia,

ACORDAN

Subsribir a Addenda número 1 ao citado convenio, consistente na modificación do contido da Cláusula terceira: Financiamento e contía máxima da subvención(páxina 8 do convenio) e do Anexo 1.Construcción de plantas de tratamiento de biorresiduos, no concepto de importe que contempla o importe total do investimento de SOGAMA (páxina 20 do Convenio) Apartado 1.1. Orzamento da planta de Vilanova de Arousa e Apartado A.1 no punto 4. Contrato para a construcción, (páxinas 20 e 21 do Convenio) así como no Apartado 1.2 Orzamento e importe a subvencionar con fondos REACT (páxina 28), para unha axeitada execución dos compromisos establecidos para cada unha das partes axustando

as achegas á realidade de execución do contrato de obra por parte de SOGAMA, quedando redactadas da seguinte maneira:

PRIMEIRA: Modificación da cláusula terceira (Financiamento e contía máxima da subvención, páxina 8 do convenio).

Coa modificación do importe do investimento de SOGAMA no ano 2022 e no total como se reflicte no seguinte cadro:


ANO	INVESTIMENTO SOGAMA	SUBVENCIÓN
2021	6.623.216,97 €	5.000.000,00 €
2022	22.193.740,96 €	20.000.000,00 €
TOTAL	28.816.957,93 €	25.000.000,00 €

Así como a introdución dos seguintes parágrafos:

SOGAMA asume a obriga de financiar exclusivamente pola súa conta todo o importe derivado da construcción das plantas na contía que exceda da achega que realiza a Xunta de Galicia mediante o presente convenio, así como, se fose o caso, o importe dos posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puideran producir.

A achega da Xunta de Galicia en ningún caso poderá ser superior ao importe que resulte da adxudicación do contrato inicial; polo que, no caso de que o orzamento de adxudicación (ive engadido) fose inferior á axuda estipulada no presente convenio, esta minorase ata igualar o importe da adxudicación do contrato.

As actuacións anteriores, sempre que non supoñan un incremento do importe das obrigas de contido económico assumidas pola Xunta de Galicia, ou do número de exercicios orzamentarios autorizados aos que se imputan as ditas obrigas, reflectiranse nos acordos da comisión de seguimento, sen que sexa preciso a sinatura de addendas para modificar o convenio.



SEGUNDA: Modificación do Anexo 1.
ANEXO 1. Construcción de plantas de tratamiento de biorresiduos.

Plantas a construir: **3 plantas.**

Importe: **28.816.957,93 euros.**


Financiamento REACT-UE: **25.000.000 euros.**

Apartado 1.1 Orzamento detallado de execución por planta.
A) VILANOVA DE AROUSA

Actuación	ANO 2021		ANO 2022		TOTAL	
	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE
Estudo preliminar	15.000,00 €	18.150,00 €			15.000,00 €	18.150,00 €
Proxectos (básico E para AAI)	95.000,00 €	114.950,00 €			95.000,00 €	114.950,00 €
Terreo	1.545.332,24 €	1.869.852,01 €			1.545.332,24 €	1.869.852,01 €
Construcción	1.330.290,11 €	1.609.651,03 €	12.644.808,04 €	15.300.217,72 €	13.975.098,15 €	16.909.868,76 €
Dirección de obra			256.948,97 €	310.908,25 €	256.948,97 €	310.908,25 €
Coordinación seguridade e saúde			77.084,69 €	93.272,47 €	77.084,69 €	93.272,47 €
Taxas e licenzas municipais	372.137,83 €	372.137,83 €			372.137,83 €	372.137,83 €
TOTAL	3.357.760,18 €	3.984.740,87 €	12.978.841,70 €	15.704.398,44 €	16.336.601,88 €	19.689.139,32 €

Apartado A.1.- Detalle das actuacións financiables na Planta de Vilanova de Arousa:
Contrato para a Construcción da planta

O custo desta partida ascende a 13.975.098,15€ sen IVE (16.909.868,76€ con IVE).



Apartado 1.2.- Orzamento total e importe a subvencionar con fondos REACT:

Ubicación planta	ANO 2021		ANO 2022		TOTAL	
	Investimento SOGAMA	Importe subvención	Investimento SOGAMA	Importe subvención	Investimento SOGAMA	Importe subvención
Vilanova de Arousa	3.357.760,18 €	2.782.828,00 €	12.978.841,70 €	11.131.311,00 €	16.336.601,88 €	13.914.139,00 €
Cervo	1.522.877,06 €	1.064.720,00 €	4.470.384,50 €	4.258.883,00 €	5.993.261,56 €	5.323.603,00 €
Verín	1.742.579,73 €	1.152.452,00 €	4.744.514,76 €	4.609.806,00 €	6.487.094,49 €	5.762.258,00 €
TOTAL	6.623.216,97 €	5.000.000,00 €	22.193.740,96 €	20.000.000,00 €	28.816.957,93 €	25.000.000,00 €

TERCEIRA.- Eficacia da presente Addenda

En todo o non modificado pola presente addenda seguirá en vigor o disposto no Convenio de colaboración asinado con data de 27 de xullo de 2021.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan o presente acordo.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2021

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Angeles Vázquez Mejuto

O Presidente da Sociedade Galega de Medio Ambiente S. A. (SOGAMA)

Javier Domínguez Lino

